

Boletín Nº298. Sábado, 30 de diciembre de 2000

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES PUBLICITARIAS.

Artigo 1.-Concepto

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa polas instalacións e actividades publicitarias instaladas no dominio público municipal ou perceptibles desde este dominio.

Artigo 2.-Medios publicitarios.

A actividade publicitaria regulada nesta Ordenanza poderá realizarse en:

- Vallas definitivas e provisionais de solares.
- Vallas de protección de obras.
- Elementos de mobiliario urbano.
- Na vía pública e nos seus espacios anexos e complementarios. O emprazamento e modelo será sinalado polo Concello.

Artigo 3.-Obrigados ó pago.

Estarán obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza, os que se beneficien da actividade ou instalación publicitaria á que se refire o artigo 1.º .

Artigo 4.-Contía.

Vallas publicitarias: 3.000 pesetas m2/ano.

Sinais indicativas de industrias e negocios: 10.000 pesetas o primeiro ano e 5.000 pesetas nos anos sucesivos.

Artigo 5.-Obriga de pago.

A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace ó autorizarse a utilización dos bens enumerados no artigo 2.º con anuncios.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrara en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da provincia o seu texto íntegro e se teña por transcurrido o prazo a que fai referencia o artigo 70.2 en relación co 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulamentadora das Bases do Réxime Local e comezara a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2001, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 22 de decembro de 2000. O alcalde, firmado.